

XEOGRAFÍA E HISTORIA 1º ESO

**Departamento de Xeografía e
Historia**

IES Ramón Otero Pedrayo

CADERNO DE ACTIVIDADES 1

Temas 1 ao 4

Nome:

UNIDADE 1

A terra e a súa representación

1. A parte externa da Terra está formada por tres capas, que son:

- a. A atmosfera, o núcleo e o manto.
- b. O núcleo, a hidrosfera e a litosfera.
- c. A atmosfera, a hidrosfera e a litosfera.

2. O movemento de rotación da Terra dá lugar:

- a. Aos anos bisestos.
- b. Aos días e ás noites.
- c. Ás eclipses.

3. O movemento de translación é o que:

- a. Realiza a Terra arredor do Sol.
- b. Realiza o Sol arredor da Terra.
- c. Realiza a Terra sobre o seu propio eixe.


4. Os equinoccios marcan:

- a. O inicio do outono e a primavera.
- b. O inicio do verán e o inverno.
- c. O inicio da primavera e o verán.

5. A lenda dun mapa é:

- a. A proporción entre o mapa e a realidade representada.
- b. A fonte da que proceden os datos representados.
- c. Os símbolos e cores empregados no mapa.

6. Trátase dun mapa:



- a. Temático, físico de relevo.
- b. Temático, político de Estados.
- c. Temático, humano de poboación.

7. Trátase dunha escala:

1:200.000

- a. Gráfica.
- b. Numérica.
- c. Matemática.

8. O paralelo que se usa de referencia é:

- a. O de Greenwich.
- b. O ecuador.
- c. O trópico de Capricornio.

9. Os meridianos son:

- a. Semicírculos imaxinarios que teñen unha dirección oeste-leste.
- b. Semicírculos imaxinarios que dividen a Terra en hemisferio occidental e oriental.
- c. Semicírculos imaxinarios que unen os polos e teñen dirección norte-sur.

10. As coordenadas xeográficas son:

- a. A latitude, que é a distancia entre un paralelo e o ecuador, e a lonxitude, que é a distancia entre un meridiano e o ecuador.
- b. A latitude, que é a distancia entre un paralelo e o ecuador, e a lonxitude, que é a distancia entre un meridiano e o de Greenwich.
- c. A latitude, que é a distancia entre un meridiano e o de Greenwich, e a lonxitude, que é a distancia entre un paralelo e o ecuador.

1. Explica as diferenzas entre os seguintes conceptos:

• Solsticio e equinoccio:

.....

• Paralelo e latitude:

.....

.....

2. Explica o significado dos seguintes conceptos: (

• Sistema solar:

.....

.....

• Coordenadas xeográficas:

.....

.....

• Biosfera:

.....


.....

3. Enumera as condicións que fan posible a vida na Terra. (

.....

.....

4. Completa a táboa sobre as capas externas da Terra. (



Letras	Capa	Caracterist
A		
B		
C		

5. Describe os dous movementos da Terra. (

• Movemento de rotación:

.....

.....

• Movemento de translación:

.....

.....

.....

6. Señala na imaxe as capas externas da Terra; despois, descríbeas. (



.....

.....

.....

.....

.....

.....

7. Explica por que se produce a sucesión das estacións en ambos os hemisferios.

.....

.....

.....

.....

.....

8. Fai un debuxo que represente o movemento de rotación e as súas consecuencias. Despois, descríbeo. (

.....


.....

.....

.....

.....

.....



9. Escribe o nome destes elementos do mapa. De que tipo de mapa se trata? (1,5 p.)

Mapa:

.....


.....

1.

2.

3.

4.



10 Que tipo de escala ten o mapa? Calcula sobre o mapa anterior a distancia real en liña recta que hai entre Madrid e Roma. (da páxina anterior)

- Escala:
- Distancia real:

11 Que proxección cartográfica se usou no mapa? Por que? (

.....

.....

.....

.....

.....

12 Explica que son as coordenadas xeográficas. Enumera dúas situacións en que é necesario coñecelas. (

.....

.....


.....

.....

.....


13 Señala a que meridianos ou paralelos corresponden as seguintes letras.

Punto	Meridiano ou paralelo
A	
B	
C	
D	
E	
F	



14 Di cales son a latitude e a lonxitude dos puntos A, B e C. (

Punto	Lonxitude	Latitude
A		
B		
C		



15 Escribe no lugar que corresponda no mapa da actividade 14 a letra das seguintes coordenadas xeográficas. Explica onde se encontran eses puntos.

- 40° N, 5° O (A)
- 40° N, 30° L (B)
- 50° N, 20° L (C)

UNIDADE 2

O relevo terrestre

- 1 A estrutura interior da Terra divídese en...
- a. Manto inferior, manto superior e núcleo.
 - b. Hidrosfera, litosfera e magma.
 - c. Codia, manto e núcleo.
- 2 Os tres océanos máis grandes da Terra son...
- a. Pacífico, Atlántico e Ártico.
 - b. Pacífico, Atlántico e Índico.
 - c. Pacífico, Atlántico e Antártico.
- 3 As mesetas son...
- a. Chairas elevadas.
 - b. Terreos chans de pouca altitude.
 - c. Terreos situados a menor altitude ca as terras que os rodean.
- 4 Un istmo é...
- a. Unha porción de terra rodeada de auga por todas as partes menos por unha.
 - b. O que une unha península ao continente.
 - c. Un terreo costeiro rochoso, alto e escarpado.
- 5 O noiro continental é...
- a. Unha gran cordilleira somerxida que hai nas chairas abisais.
 - b. Unha meseta que descende desde a costa ata os 200 m de profundidade.
 - c. Unha franxa con forte pendente que une a plataforma continental e a chaira abisal.
- 6 Unha falla é...
- a. Unha fractura que hai nos materiais rixidos da codia terrestre.
 - b. Unha ondulación que hai nos materiais pouco rixidos da codia terrestre.
 - c. O choque de dúas placas tectónicas.
- 7 Un volcán é...
- a. Unha fractura que hai nos materiais rixidos da codia terrestre.
 - b. Unha fenda na codia terrestre pola que se expulsan materiais do interior da Terra.
 - c. Unha ondulación que hai nos materiais rixidos da codia terrestre.
- 8 O epicentro dun terremoto é...
- a. O punto interior da Terra onde se orixina o terremoto.
 - b. Un tremor brusco da superficie terrestre, provocado polos movementos das fallas.
 - c. O punto da superficie terrestre máis próximo ao hipocentro.
- 9 A erosión é...
- a. O depósito dos materiais arrincados polos axentes externos.
 - b. O arrastre dos materiais arrincados polos axentes externos.
 - c. O proceso polo cal as rochas rompen, se fragmentan e se disolven.
- 10 No nacemento dun río...
- a. Ten pouca pendente e forza, porque é moi pequeno ata que chegan os afluentes.
 - b. O auga circula rapidamente, arrincando materiais e escavando canóns e vales.
 - c. Os materiais depositanse rapidamente e nunca é tan profundo coma no curso medio.

1.1 Explica o significado destes conceptos.

- Dorsal oceánica:
- Pregamento:
- Epicentro:
- Canón:
- Arquipélago:
- Falla:
- Magma:
- Duna:
- Ondas sísmicas:

1.2 Nomea os cinco océanos e sinala as súas características. (

Océano	Características

3 Completa este diagrama sobre a estrutura interior da Terra e sinala as características de cada parte. (

.....

.....

.....


.....

.....

.....

.....

.....



1.4 Explica como son as diferentes partes de relevo submarino.

.....

.....

.....

.....

AVALIACIÓN POR COMPETENCIAS

Carlota e a súa familia están preparando unha viaxe a Noruega para finais do mes de xuño. Queren contemplar ali o chamado sol de medianoite. Ela non sabe en que consiste exactamente este fenómeno, pero buscou información e encontrou este texto.

O sol de medianoite

O sol de medianoite é un fenómeno polo cal en determinados lugares do planeta se pode observar o Sol as 24 horas do día, pois este nunca chega a poñerse. Prodúcese ao norte do círculo polar ártico e ao sur do círculo polar antártico, en datas próximas ao solsticio de verán.

A explicación deste espectacular fenómeno está na inclinación do eixe terrestre. A Terra orbita arredor do Sol e a inclinación do eixe provoca que os polos queden sempre orientados ao Sol durante o verán. Desta maneira, a zona permanece iluminada a pesar de que Terra vaia xirando sobre si mesma.

1 Define as palabras subliñadas no texto. (

.....

.....

.....

2 Explica brevemente en que consiste o sol de medianoite. (

.....

.....

3 Que movemento terrestre está vinculado ao sol de medianoite? Xustifica a resposta. (

.....

.....


4 Elabora un debuxo que ilustre ese movemento. Escribe nel os solsticios e os equinoccios.

- 5 Carlota consultou un globo terráqueo para localizar os lugares onde se produce este fenómeno. Colorea as zonas en que sería posible contemplalo.



- 6 A súa familia elixiu viaxar a Cabo Norte, no norte de Noruega, para observar o sol de medianoite. As coordenadas xeográficas deste lugar son: $71^{\circ} 10' N$, $25^{\circ} 47' L$. Que significan? ()

- 7 Carlota quere saber cantos quilómetros separan en liña recta a cidade en que vive e Cabo Norte. Axúdaa a calcular esta distancia a partir do mapa.



- 8 Se a familia de Carlota viaxa nas mesmas datas, é dicir, a finais de xuño, ao hemisferio sur, poderá contemplar o sol de medianoite? Por que?

- 9 Nalgunha época do ano poderían observar este fenómeno en latitudes próximas ao ecuador? Por que?

enumerando as súas partes e describindo as súas principais características. (

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....



6 Explica que son os pregamentos e as fallas, e a orixe das montañas a partir das colisións de placas. (

.....

.....

.....

.....

.....

7 Explica a teoría da tectónica de placas. (

.....

.....

.....

8 Explica que son os volcáns, as súas partes, as súas características e como se producen as erupcións volcánicas.

.....

.....

.....

9 Completa esta táboa sobre as fases da modificación do relevo terrestre. (


Fases	Características

10 Explica como inflúe o ser humano sobre o relevo. ()

.....

.....

11 Identifica as formas de relevo destas dúas imaxes. Cal é o seu axente externo erosivo e como actúa?



.....

.....


12 Identifica nesta imaxe que axente erosivo externo actuou, como se denomina este accidente xeográfico e como se formou.

.....

.....

.....

.....



13 Explica como inflúe o relevo sobre o ser humano. ()


.....

.....

.....

AVALIACION POR COMPETENCIAS

Aínda falta moito tempo para que cheguen as vacacións do próximo verán, pero a túa familia quere que sexan unhas vacacións moi especiais e hai que empezar a preparalas. Praia ou montaña? España ou o estranxeiro? A túa opinión vai contar moito na decisión final, pois acabas de estudar a unidade do relevo e podés aconsellalos.

 A túa familia reuniuse diante deste mapa e formúlanche algunhas cuestións. Resolve as súas dúbidas.



- Cal é o pico máis elevado da península ibérica? E o de España?
.....
- Cal é o pico máis elevado do mundo? En que cordilleira se localiza?
.....
- Que mar temos que atravesar se queremos ir en barco desde a península ibérica ata a desembocadura do río Nilo?
.....
- Que océano teríamos que atravesar se quixésemos pasar as vacacións nas illas Canarias?
.....

M


- 2 A teu irmán pequeno gustaríalle visitar un volcán como o que viu nunha película, pero non sabe se hai algún en España. Respóndelle e explícalle ben que son os volcáns e como se producen as erupcións volcánicas.

.....

.....

.....

- 3 Teu pai prefire ir a unha praia para descansar e facer submarinismo, pero non sabe apenas nada do relevo submarino. Coa axuda deste debuxo, anota nel o nome das formas do relevo submarino e explícalle a teu pai as características de dúas delas.



.....

.....

- 4 Túa nai quere ir facer sendeirismo e coñecer unha montaña da que viu esta fotografía. Dille o que son as fallas e os pregamentos e como se forman as montañas. Observa a fotografía e explícalle cal foi o axente que erosionou e moldeou a montaña que quere visitar.



.....

.....

- 5 Onde sexa que vaiades, deberedes ser respectuosos coa natureza. Explícalle á túa familia cun exemplo como inflúe o ser humano no relevo.

.....

.....

UNIDADE 3

As augas

3 AS AUGAS
AUTOAVALIACIÓN

ante o ciclo da auga, a auga...

- a. Mantense estable na atmosfera, conservando todas as súas propiedades.
- b. Está en permanente cambio de estado (sólido, líquido e gasoso).
- c. O vapor de auga quece e condénsase formando as nubes.

augas continentais...

- a. Divídense en augas mariñas e augas subterráneas.
- b. Supoñen un 97 % do total das augas da Terra.
- c. Divídense en augas superficiais e augas subterráneas.

territorio que ocupa o río principal e os seus afluentes chámase...

- a. Val fluvial.
- b. Chaira aluvial.
- c. Conca hidrográfica.

estiaxe dun río é...

- a. O aumento de caudal do río provocado polo desxeo, habitualmente en primavera.
- b. O que en España chamamos corgos ou torrentes, ou no Sáhara se denomina uadí.
- c. O caudal mínimo ou nivel máis baixo dun río.

Un lago é...

- a. Un lago que ten a auga salgada.
- b. Unha masa de auga acumulada de forma permanente no interior dos continentes.
- c. Un lago de pequeno tamaño.

augas subterráneas...

- a. Supoñen case o 25 % das augas continentais.
- b. Atravesan unha capa de rochas impermeables e adoitan encontrarse con rochas porosas.
- c. Ocupan o 13 % da superficie terrestre.

2 Os glaciares...

- a. Son masas de xeo inmóbil que se producen por acumulación de xeo.
- b. Localízanse nos casquetes polares, únicos lugares da Terra onde non hai desxeo.
- c. Desprázanse máis ou menos rápido, arrastrando pedras ao seu paso.

3 Os océanos...

- a. Son grandes extensións de auga, pero cunha profundidade media inferior a 200 m.
- b. Todos teñen a mesma concentración de sal.
- c. Son grandes extensións de auga salgada que rodean e separan os continentes.

4 As mareas...

- a. Son desprazamentos de masas de auga, similares aos ríos, que circulan polos océanos.
- b. Prodúcense pola atracción do Sol e da Lúa sobre as augas.
- c. Son ondulacións da superficie do mar producidas polo vento e as correntes.


10 A augas mariñas...

- a. Serven como fonte de alimento, de materias primas e de fontes de enerxía.
- b. Grazas ao turismo serven para crear postos de traballo e son vías de comunicación.
- c. a) e b) son certas.

1 Explica o significado destes conceptos. (

- Esteiro:
- Estiaxe:
- Acuifero:
- Chaira aluvial:
- Torrente:
- Afluente:
- Corgo:
- Glaciar:
- Meandro:
- Desfiladeiro:

2 Completa e explica este diagrama.



5. A auga chega aos ríos e ao mar, e unha parte fíltrase aos acuiferos.

1. A auga evapórase debido á calor.

.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

3 Explica todo o que saibas sobre o curso baixo dos ríos e a súa desembocadura.

.....
.....
.....


4 Explica o ciclo da auga. (

.....

.....

.....

5 Interpreta esta imaxe en relación co curso dos ríos. (



.....

.....

.....

.....

.....

.....

6 Explica que é o caudal dun río e por que se producen as súas variacións ao longo do ano.

.....

.....

.....

7 Explica a importancia dos ríos para a vida humana.

.....

.....

.....

8 Que son os desfiladeiros? E os encoros? En que zona do curso dos ríos se sitúan? Por que? (

.....

.....

.....

9 Explica a diferenza entre un lago, unha lagoa e un mar interior. Son de auga doce ou de auga salgada?

.....

.....

.....

10 Explica o que son os glaciares, sinalando a súa orixe, as súas características e as súas partes principais.

.....



.....

.....

71 Completa esta táboa sobre as fases da modificación do relevo terrestre.

Océanos	Situación	Continentes que bordean

72 Explica a que corresponden estas dúas imaxes, e por que se produce este fenómeno.



.....

.....


73 Que son as correntes mariñas? Que tipos hai?

.....

.....

.....

74 Explica, a partir desta imaxe, a interacción do mar e o ser humano.



.....

.....

.....

.....

.....

75 Resume os problemas que supoñen para o ser humano a contaminación das augas e explica como pensas que se podería facer con elas un aproveitamento sustentable.


.....

.....

AVALIACIÓN POR COMPETENCIAS

O profesor de Ciencias Sociais pédiuvos que realicédes un informe para o xornal do voso centro educativo sobre o aproveitamento que facemos as persoas dos recursos que nos ofrecen os ríos e as augas mariñas. A vosa tarefa consistirá en resumir os datos que vos parezan máis relevantes para informar o resto de compañeiros sobre cales son eses recursos e a importancia de coidalos e mantelos a salvo da contaminación que xeran algunhas actividades humanas. Para logralo é importante que primeiro recordédes o que estudastes na unidade das augas.

- 1 Repasa coa axuda deste mapa cales son os ríos máis importantes do planeta. Indica a que río se refire cada un dos números do mapa e sinala cal é o máis longo do mundo e cal o máis caudaloso.



.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

- 2 Un dos recursos que ofrecen os ríos é o turismo, pois neles podemos practicar diversos deportes e outras actividades de ocio. Sabes como se chama o deporte que están practicando estas persoas que aparecen na fotografía? Que outros deportes cres que se poden realizar nun río?

.....

.....

.....

.....

.....


.....

.....

.....

.....

.....



En que tramo do curso do río cres que están as persoas que aparecen na fotografía? Por que? Cales son os outros tramos do curso do río? Que características ten cada un deles? ()

.....


.....

.....

Completa esta táboa para o teu informe sobre o aproveitamento das augas dos ríos.

Formas de aproveitamento	Exemplos
Abastecemento de auga	
Vías de comunicación	
Produción de enerxía	
Ocio	

Repasa a continuación, coa axuda deste mapa, a situación dos océanos e mares máis importantes. Que continentes bordea cada un dos océanos? En cal deles se encontra o mar dos Sargazos? E o mar de Filipinas? ()



.....

.....

.....

.....

.....

.....

Completa esta táboa sobre os recursos que proporcionan as augas mariñas aos seres humanos ()

Formas de aproveitamento	Exemplos
Alimentos	
Materias primas e enerxía	
Turismo	
Vías de comunicación	

Resume e explica con exemplos cales son as actividades humanas que poden contaminar as augas dos ríos e océanos e pór en perigo a súa existencia. (1,5 p.)

.....

.....

UNIDADE 4

O clima

estratosfera...

- a. É a capa inferior da atmosfera e está en contacto coa superficie terrestre.
- b. Nesta capa abunda un gas chamado ozono que impide que as radiacións ultravioletas cheguen á superficie terrestre.
- c. Ten unha temperatura moi baixa, alcanzando os 140 graos baixo cero.

clima...

- a. É o estado da atmosfera nun momento e nun lugar concreto.
- b. Indícanos a cantidade de calor e de humidade que hai nun día concreto nun lugar.
- c. É o estado característico da atmosfera que se repite nun lugar.

Os factores da temperatura son...

- a. A latitude, a altitude e a distancia ao mar.
- b. A zona cálida, temperada ou fría.
- c. A lonxitude, a altitude e a perpendicularidade dos raios do sol.

O vapor de auga da atmosfera...

- a. Quéntase, condénsase e convértese en pequenas gotas formando as nubes.
- b. Procede da evaporación da auga de océanos, lagos, ríos, terreos húmidos e plantas.
- c. Aumenta cando a temperatura baixa de 5 °C.

A presión atmosférica...

- a. Mídese cun pluviómetro e exprésase en milibares (mb) ou en hectopascals (hPa).
- b. Diminúe coa altitude. Nas zonas baixas a presión é menor porque vai máis calor.
- c. É o peso que exerce o aire nun lugar da superficie terrestre.

6 O monzón é...

- a. Un vento constante.
- b. Un vento estacional.
- c. Un vento local.

7 Os climas cálidos son...

- a. Ecuatorial, tropical e mediterráneo.
- b. Ecuatorial, continental e desértico.
- c. Ecuatorial, tropical e desértico.

8 No clima oceánico...

- a. As precipitacións superan os 500 mm e concéntranse no verán.
- b. As precipitacións son abundantes (1.000 mm) e regulares.
- c. As precipitacións son escasas (400 mm anuais) e irregulares.

9 No clima tropical...

- a. As precipitacións son regulares e moi abundantes.
- b. As precipitacións son abundantes pero concéntranse na chamada estación húmida.
- c. As precipitacións son moi escasas, inferiores aos 250 mm anuais.

10 O efecto invernadoiro é...

- a. Cando chove auga mesturada con elementos contaminantes en suspensión.
- b. Unha especie de bruma que irrita os ollos e os pulmóns.
- c. O aumento de temperatura provocado polo aumento de emisión de gases invernadoiro.

1 Explica o significado destes conceptos.

- Anemómetro:
- Cerzo:
- Tifón:
-
- Hectopascal:
-
- Clima de alta montaña:
-
- Pluviómetro:
- Quecemento global:
-
- Estratosfera:
- Efecto foehn:
-
- Clima polar:


2 Diferencia os conceptos tempo e clima, poñendo exemplos concretos.

.....

.....

.....

3 Explica este diagrama sobre a relación entre latitude e temperatura.



.....

.....

.....

.....


.....

4 Completa esta táboa sobre os diferentes tipos de vento que hai, poñendo un exemplo de cada un.

Tipo	Características	Exemplos

Nome: _____

O profesor de Ciencias Sociais pediuvos que realicedes un informe sobre o cambio climático, para debater na clase cos vósos compañeiros sobre as causas deste fenómeno e as consecuencias que está a ter para o conxunto do planeta. Podemos facer algo nós para frear o quecemento global da Terra?

 Le este texto sobre o cambio climático e contesta as cuestións.

Os científicos teñen cada vez máis claro –ao 95 %– que o home é o principal actor do cambio climático e advirten de que os danos causados ata agora polas emisións de gases –subida do nivel do mar, acidificación dos mares ou o derretemento dos glaciares– se manterán durante séculos se os gobernos non se conciencian de que o quecemento é real e moi grave, aínda que se suavizase nos últimos anos, e xa toman medidas drásticas para combatelo. [...] Entre o 15 % e o 40 % do dióxido de carbono emitido pode quedar xa na atmosfera. Segundo as súas previsións, o nivel do mar podería subir entre 26 e 82 centímetros e a temperatura aumentar ata 4,8 graos a finais de século.

O Grupo Intergubernamental do Cambio Climático (IPCC), creado polas Nacións Unidas, avanzou este

venres en Estocolmo (Suecia) as principais conclusións do seu último informe. O informe AR5, principalmente pensado para os representantes políticos, reúne as evidencias científicas dos últimos seis anos. [...] O documento será estudado polos gobernos do mundo antes de chegar a un acordo multilateral vinculante para reducir a emisión de gases de efecto invernadoiro en 2015, que deberá comezar a aplicarse en 2020. Para logralo, os autores recomentan comezar «o máis rápido posible» unha senda cara á enerxía renovable, protexer os bosques, os océanos e os cursos hídricos dos que depende a economía.

Juana Viúdez, *El País*
27 de setembro de 2014

- Por que se está a producir o cambio climático segundo este artigo? !

.....

.....

- Cales son os principais problemas que implica o cambio climático?


.....

.....

- Que é o informe AR5? Que solucións propuxeron os científicos para atallar este problema? !

.....

.....

-  Hai moitas persoas que non son conscientes da importancia que pode ter o cambio climático. Como lles explicarías o que é o clima e como lles afecta ás persoas e ao resto dos seres vivos?

.....

.....

.....

.....

23

21

